

**\*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:**

**a.- A nota mínima para superar a materia será de 4,5 .En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media**

**b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.**

**c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado sancionará cun cero na cualificación da correspondente proba**

**Mecanismos de recuperación para o alumnado que non acade os obxectivos propostos:**

No momento que se detecte que o alumno/a non esta acadando os obxectivos fixados, propoñeránselle unha serie de actividades de reforzo, similares ás realizadas na aula.

**Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (70%) nunha proba de recuperación no seguinte trimestre e a parte adicada á libreta entregándoa de novo mellorada. Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos ás prácticas, traballos e proxectos e actitude. Se o alumno/a non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que pola súa excepcionalidade supora o 100% da nota. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.**

## **3ºESO**

---

### **1º AVALIACIÓN**

- UNIDADE 1: A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO
- UNIDADE 2: ALIMENTACIÓN E SAUDE
- UNIDADE 3: NUTRICIÓN I :APARATOS DIXESTIVO, RESPIRATORIO
- UNIDADE 4: A NUTRICIÓN II : APARELLOS CIRCULARORIO E EXCRETOR

## **2º AVALIACIÓN**

- UNIDADE 5 :RELACIÓN I. SISTEMA NERVIOSO E E OS SENTIDOS
- UNIDADE 6: RELACIÓN II: O SISTEMA ENDOCRINO E O APARELLO LOCOMOTOR
- UNIDADE 7 : A REPRODUCCIÓN
- UNIDADE 8: A SAÚDE E O SISTEMA INMUNITARIO

## **3ª AVALIACIÓN**

- UNIDADE 9: DINÁMICA EXTERNA.
- UNIDADE 11: DINÁMICA INTERNA.
- UNIDADE 12: O SOLO COMO ECOSISTEMA

## **5- ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE**

(TODOS OS TRIMESTRES)

Identificar os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase de forma correcta tanto oralmente como por escrito.

- Busca, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
- Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, respectando e coidando os instrumentos e o material empregado.
- Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental: utiliza tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.
- Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

### **1ª AVALIACIÓN :**

- Diferenza a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.
- Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.
- Recoñece e diferenza a importancia de cada función para o mantemento da vida.
- Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.
- Diferenza os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.
- Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
- Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.
- Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
- Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.
- Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
- Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso
- Recoñece a función do aparello dixestivo e respiratorio na función de nutrición e coñece e explica os seus compoñentes e o seu funcionamento
  - Recoñece a función do aparello circulatorio e excretor na función de nutrición
- Coñece e explica os compoñentes do aparellos circulatorio e excretor e o seu funcionamento
- Diferenza as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e as asocia coas súas causas.
- Describe os procesos implicados na función de relación e coñece o funcionamento dos órganos ou estruturas responsables de cada proceso

### **2ª AVALIACIÓN :**

- Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.

- Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.
- Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
- Diferenza os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.
- Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.
- Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
- Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
- Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto
- Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
- Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
- Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaas coas súas causas.
- Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas
- Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas, e coñece e describe hábitos de vida saudable

### **3ª AVALIACIÓN :**

Diferenza os procesos realizados polos diferentes axente xeolóxicos

- Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.
- Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.
- Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.
- Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.
- Analiza a dinámica glacial e identifica os seus efectos sobre o relevo.
- Diferenza un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.

- Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.
- Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.
- Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións

## 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

<b>Probas escritas (exames)</b>	• 70%
<b>Traballos incluído os proxectos de investigación</b>	• 10%
<b>Traballo na aula e/ou prácticas de laboratorio</b>	• 10%
<b>Caderno</b>	• 5%
<b>Actitude</b>	• 5%

**As probas escritas suporán un 70% da cualificación final.**

En cada avaliación realizarase unha proba escrita podendose facer dous si o tempo o permite dada a escasa carga lectiva da asignatura. A cualificación deste apartado resultará da media aritmética entre as diferentes probas escritas (no caso que se realicen dous). Realizarase unha recuperación de cada avaliación, unha vez rematada esta.

**Traballos/proxectos de investigación suporán un 10% da cualificación final.** Valorarase:

Realización dos traballos propostos que se avaliarán mediante rúbrica

**Traballo na aula. Representará o 10%.** Valorarase:

As actividades realizadas polo alumnado na aula. Revisión das mesmas e rexistro no caderno do profesor

Realización das prácticas do laboratorio

**Caderno no que costarán o traballo diario do alumno/-a(5%).** Valorarase, mediante rúbrica, os seguintes aspectos:

- A presentación
- Os contidos
- A corrección dos erros
- A organización

(Todos os aspectos anteriores ponderarán coa mesma porcentaxe)

○ **Actitude (10%).** Valorarase, mediante rúbrica, os seguintes aspectos:

- A atención
- O respecto
- A participación
- O esforzo

(Todos os aspectos anteriores ponderarán na mesma porcentaxe)

O seguimento destes aspectos basearase na revisión do caderno do alumno, do portafolio de actividades que non están incluídas na libreta (rúbricas de valoración dos distintos aspectos de actividades de aula, traballos, actividades de laboratorio...) que estará en poder do profesor , e o caderno do profesor (onde están as fichas de seguimento do alumnado).

**Para superar cada avaliación será preciso alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados (actividades, prácticas, actitude..)**

**Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións**

**\*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:**

**a.- A nota mínima para superar a materia será de 4,5 .En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media**

**b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.**

**c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado sancionará cun cero na cualificación da correspondente proba**

**Mecanismos de recuperación para o alumnado que non acade os obxectivos propostos:**

No momento que se detecte que o alumno non esta acadando os obxectivos fixados, propoñeránselle unha serie de actividades de reforzo, similares ás realizadas na aula.

**Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (70%) nunha proba de recuperación no seguinte trimestre e a parte adicada ao caderno entregándoo de novo mellorado. Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos ás prácticas, traballos, actividades, proxectos e actitude . Se o alumno/-a non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que, pola súa excepcionalidade, supora o 100% da nota. Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.**

**A nota final da materia virá dada pola media das tres avaliacións e para aprobar deberá ser igual ou superior a cinco puntos.**

**No mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria sobre os contidos de todo o curso baseándose nos estándares de aprendizaxe como indica o decreto 86/2015.**